



INSTRUCCIÓN Nº 02/20162017

CIRCULAR DA SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE RELATIVA AO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS RELATIVAS A LEGALIZACIÓN DE LIBROS, PRESENTACIÓN DE ORZAMENTOS, DEPÓSITO E AUDITORÍA DAS CONTAS DAS FEDERACIÓNS DEPORTIVAS GALEGAS.

Co fin de que se de cumprimento por parte das federacións deportivas galegas ao establecido na Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, no Decreto 85/2014, do 3 de xullo, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro de Entidades Deportivas, así como ao disposto pola Resolución de 23 de maio de 2011, da Secretaría Xeral para o Deporte, pola que se regulan determinados aspectos da contabilidade das asociacións deportivas galegas, emítese a seguinte nota informativa relativa á legalización dos libros, aos orzamentos, ás contas e á auditoría de contas das Federacións deportivas galegas :

1) LEGALIZACIÓN DE LIBROS. As Federacións deportivas galegas, de conformidade co disposto en canto ao seu réxime documental no artigo 55 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, deberán levar os seguintes libros:

- a) Libro rexistro dos seus membros
- b) Libros de actas dos órganos de goberno e representación
- c) Libros de contabilidade
- d) Libro inventario de bens mobles e inmobles.

Estes libros deberán estar debidamente encuadernados, foliados e legalizados polo Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia mediante dilixencia antes de ser utilizados, coa excepción dos libros de contabilidade, que poderán ser legalizados despois sempre que a entidade leve os libros de maneira informatizada en cuio caso deberán ser presentados para a súa legalización dentro dos catro meses seguintes á finalización do exercicio económico.

A solicitude de legalización dos devanditos libros efectúase mediante solicitude normalizada dirixida ao Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia, que se poderá descargar da páxina web www.deporte.xunta.es, e nela deberá constar:

- Denominación da federación, domicilio e datos da súa identificación rexistral e data da solicitude.
- Relación de libros cuxa legalización se solicita, con indicación de si se atopan en branco ou foron formados mediante a encuadernación de follas anotadas, así como o número de folios ou follas legalizadas en cada libro.
- Data de apertura e, no seu caso, peche dos últimos libros legalizados da mesma clase dos que se solicita a legalización, de xeito que non se poden legalizar novos libros en branco si previamente non se acredita formalmente polo Secretario/a da entidade a íntegra utilización do anterior, exceptuándose o caso de sustracción do anterior ou de consignación en acta notarial do seu extravío ou destrución.



- Xustificante do pago das taxas. O importe da taxa por dilixenciado de libros é de 4,87 euros. Os códigos para cumprimentar debidamente o impreso de taxas por dilixenciado dos libros son os seguintes:
 - Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza: 04
 - Servizos Centrais: 13
 - Secretaría Xeral para o Deporte: 06
 - Dilixenciado de libros: 300100

2) ORZAMENTOS. O artigo 61.4 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia establece: *“As federacións deportivas galegas aprobarán en assemblea, e durante o último trimestre do seu exercicio económico, o orzamento correspondente ao seguinte exercicio. Este orzamento debe ser equilibrado e non deficitario e enténdese condicionado, no que ás subvencións públicas se refire, ás condicións de aprobación dos orzamentos de Galicia. O devandito orzamento deberá remitirse á Administración deportiva no prazo dun mes desde a súa aprobación”*. as federacións deportivas galegas aprobarán en assemblea, e durante o último trimestre do seu exercicio económico o orzamento correspondente ao seguinte exercicio.

En consecuencia, durante o último trimestre do ano as federacións deportivas galegas deberán aprobar en assemblea o orzamento correspondente ao seguinte exercicio e unha vez aprobado remítilo no prazo dun mes á Secretaría Xeral para o Deporte asinado e acompañado de copia de acta da assemblea na que foi aprobado. A estes efectos habilitase o seguinte enderezo electrónico para a remisión de orzamentos: subdireccion-plans-programas.pr@xunta.gal

3) CONTAS ANUAIS. Así mesmo, con independencia da obriga de legalización dos libros e presentación dos orzamentos, en canto ás contas anuais das federacións, de conformidade co disposto no artigo 2 da Resolución de 23 de maio de 2011, da Secretaría Xeral para o Deporte, pola que se regulan determinados aspectos da contabilidade das asociacións deportivas galegas e no artigo 37 do Decreto 85/2014, do 3 de xullo, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia, os Presidentes/as das federacións deportivas ou persoas ou órganos que conforme aos estatutos corresponda, formularán as contas anuais, que deberán ser aprobadas no prazo máximo de seis meses dende o peche do exercicio pola assemblea xeral da Federación. Xunto coas contas, deberá someterse tamén a aprobación da assemblea unha memoria descriptiva das actividades realizadas durante o exercicio económico. Aprobadas as contas, éstas presentaranse coa memoria descriptiva das actividades realizadas durante o exercicio económico no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia. A documentación que debe integrar as contas é a seguinte:

- a) Memoria económica
- b) Balance
- c) Conta de pérdidas e ganancias



Estes tres documentos, que son os que integran as contas anuais e polo tanto os que se deben presentar, ademáis da referida memoria descriptiva de actividades e dunha copia do acta da asamblea na que foron aprobadas, presentaranse acompañados dun escrito dirixido ao Rexistro de Entidades Deportivas no que se indique a documentación que se deposita. As contas presentaranse debidamente asinadas e o prazo para a súa presentación no Rexistro de Entidades Deportivas será de un mes dende a súa aprobación na asamblea, e en todo caso antes do 30 de xullo de cada ano.

4) AUDITORÍA DAS CONTAS. Finalmente resta facer mención á obriga relativa á auditoría das contas. Aquelas federacións deportivas que resulten obrigadas conforme ao plan de auditorías aprobado pola Administración deportiva autonómica a inicios de cada exercicio, deberán presentar ao Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia un informe de auditoría das contas anuais.. O informe de auditoría deberá ser presentado xunto coas contas e no mesmo prazo que éstas.

En definitiva, e en resumo do anteriormente exposto, as federacións deportivas galegas deberán cumprir coas seguintes obrigas:

1. Legalización dos libros.
2. Aprobación no último trimestre do exercicio económico do orzamento correspondente ao seguinte exercicio, que deberá remitirse á Secretaría Xeral para o Deporte no prazo de un mes dende a súa aprobación.
3. Aprobación pola asamblea xeral das contas e da memoria descriptiva de actividades realizadas no prazo máximo de seis meses dende o peche do exercicio. Estes documentos, é dicir, contas (balance, memoria económica e conta de pérdidas e ganancias) e memoria de actividades deberá presentarse no Rexistro de Entidades Deportivas no prazo dun mes dende a súa aprobación e en todo caso antes do 30 de xullo de cada ano.
4. As federacións deportivas incluídas no Plan anual de auditorías deberán presentar ao Rexistro de Entidades Deportivas o informe de auditoría de contas.

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2016

Subdirectora xeral de Plans e Programas

Laura Mosquera Escudero

